



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ao impacto que o uso de explosivos para a construción dun tramo do AVE está a ocasionar en vivendas de Vilaboa.

O Ministro de Fomento está a executar, incluído no treito Vilaboa-Pontevedra, o túnel de Fonte Quente (699 metros de lonxitude) en Paredes (Concello de Vilaboa) nas obras de construción do Eixo Atlántico do AVE.

As obras de escavación do túnel estanse a realizar a base de explosivos nas inmediacións de vivendas habitadas de Paredes. A falta de previsión está a provocar a aparición de fendas nas vivendas máis próximas, xerando a lóxica preocupación social.

Aínda sendo competencia do Ministro de Fomento (Goberno español) a realización das obras, tamén é certo que todo o referente ao control ambiental dos explosivos é competencia da Consellaría de Economía e Industria da Xunta de Galiza.

Cumpre, daquela, que a Consellaría se implique na defensa dos dereitos (comezando pola propia seguraza física de persoas e vivendas) das veciñas e veciños afectados pola execución destas obras con explosivos. Ningunha administración pode



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

ser quen, de xeito impune, de realizar obras abstraéndose e despreocupándose do impacto das mesmas sobre a veciñanza da zona.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Ten coñecemento a Consellaría de Economía e Industria do impacto e fendas que as obras de execución do AVE están a provocar en vivendas de Pareces (Vilaboa)?

2.^a) Considera que se están a cumprir as condicións ambientais e de protección ás vivendas habitadas no uso de explosivos no túnel de Fonte Quente?


3.^a) Que medidas ten previsto adoptar na defensa da seguranza de persoas e vivendas?

4.^a) Tendo en conta os danos producidos, ten previsto articular (ou demandar) do Goberno español accións urxentes de reparación e indemnización nas vivendas afectadas?

5.^a) Que medidas concretas, en relación co uso de explosivos en Fonte Quente, ten previsto adoptar a fin de mellorar os parámetros de seguranza das vivendas afectadas xa directamente, e de xeito potencial?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2010 12:27
Nº Rexistro: 20053
Data envío: 25/01/2010 12:27:29.202

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 25/01/2010 12:26:25